


| | |
|--|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| UCP11102DL | UCP/2017/1 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  | |
| 0142 5H28 5H1Y 4T3G 0N91 | |

MMM

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

1. O 23 de decembro de 2016, mediante Resolución nº 2173-2016, apróbase o proxecto da obra denominado "Renovación parque infantil R/ Luis Seoane", redactado pola técnica municipal Beatriz Golán Pardo.

2. O 26/06/2017 por Resolución 1197/2017, apróbanse o expediente de contratación mediante procedemento aberto cun único criterio de valoración (factor: prezo) da execución da obra e o correspondente gasto e dispónse a apertura do procedemento de licitación mediante a publicación do anuncio da licitación no BOP, no diario La Voz de Galicia, na plataforma de contratación do sector público e no perfil do contratante.

3. Para tal efecto publicáronse anuncios da licitación no perfil do contratante (27/06/17), no BOP e na plataforma de contratos do sector público (30/06/17) e no diario "La Voz de Galicia" (29/06/17), nos que se solicitaban ofertas de empresas capacitadas para a súa realización.

4. Unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas, logo de comprobar que todos os licitadores que presentaron oferta declararon dispor da capacidade suficiente para optar á execución do contrato, en sesión da Mesa Xeral de contratación de 08/08/2017, procedeuse en acto público á apertura das ofertas económicas.

Aplicada a fórmula establecida no PCAP as ofertas presentadas por JARDIN ARCE, SL., IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL., e BRICANTEL ESPAÑA SL., están incursas en presunción de temeridade, polo que de conformidade co PCAP se lles requiriu para que aportasen a documentación xustificativa precisa.

Os licitadores, dentro do prazo establecido, presentaron as xustificación requiridas.

A Mesa Xeral de Contratación, en sesión celebrada o 30/08/17, de acordo co informe emitido o 29/08/2017 polo técnico sr González González, sobre as xustificacións das ofertas presentadas, acorda a exclusión da clasificación da oferta presentada por BRICANTEL ESPAÑA SL., ao considerar que contén valores anormais ou desproporcionados e admitir as presentadas por JARDIN ARCE, SL., e IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL., ó considerar que poden ser cumpridas nos prezos ofertados, a clasificación do resto das ofertas admitidas e propoñer a adxudicación do contrato a IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, por ser a máis vantaxosa economicamente.

5. O 05/9/2017 de conformidade co disposto polo apartado segundo do artigo 151 do Real decreto lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante, TRLCSP) requiríuse ao licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para que achegara a documentación esixida.

6. No prazo que se estableceu, a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, dispor da capacidade de contratar requirida (documentación xustificativa sobre aptitude, capacidade e solvencia), así como o documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido e a garantía complementaria polo mesmo importe, esixida polo PCAP dado que a súa oferta estivo incursa en presunción de conter valores desproporcionados ou anormais. Comprobase que non ten débedas en período executivo con este concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1 de 3

| | |
|---|----------------------|
| Código do documento | Código do expediente |
| UCP11102DL | UCP/2017/1 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE) | |
|  0142 5H28 5H1Y 4T3G 0N91 | |

1. O artigo 160 TRLCSP establece que no procedemento aberto, o órgano competente para a valoración das ofertas formulará a correspondente proposta de adjudicación ao órgano de contratación unha vez ponderados os criterios que deban aplicarse para efectuar a selección do adjudicatario

2. O artigo 151 TRLCSP establece no seu apartado terceiro que a adjudicación deberá realizarse dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O apartado cuarto establece que a adjudicación deberá ser motivada.

Vistos o informe-proposta emitido o 27/09/2017 polo xefe de servizo de economía e facenda, a fiscalización en conformidade pola intervención municipal nesa mesma data e a nota informativa emitida o 29/09/2017 pola secretaria xeral,

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar a validez do acto celebrado e adjudicar a execución da obra "Renovación parque infantil R/ Luis Seoane" á empresa IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL., CIF B15448004, por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os criterios de adjudicación que se estableceron, fixando o prezo en 54.324,77 €, IVE engadido.

En relación cos candidatos descartados as súas ofertas foron desestimadas polas seguintes razóns, expostas de xeito resumido:

| Licitador: | Motivo |
|----------------------|--|
| BRICANTEL ESPAÑA SL | Oferta con valores desproporcionados ou anormais |
| Resto de licitadores | As súas ofertas superan o importe da oferta formulada polo adjudicatario |

Segundo.- Requerir ao adjudicatario para que, dentro do prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte á recepción da notificación deste acordo compareza para a sinatura do contrato.

Terceiro .- De conformidade co disposto polo artigo 151.4 TRLCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adjudicación no perfil de contratante do órgano de Contratación.

Cuarto .- Nomear director das obras ao xefe de servizo de medio ambiente, servizos e obras.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 123 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

| | |
|--|---|
| Código do documento UCP11I02DL | Código do expediente UCP/2017/1 |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)  0142 5H28 5H1Y 4T3G 0N91 | |

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo,
A concelleira delegada de Réxime Interior,
Patrimonio e Contratación

Dou fe,
A secretaria xeral

Marta María Iglesias Becerra
P.D. (Resolución do 19.06.2015, BOP núm. 123 do 02.07.2015)

Pilar María Pastor Novo